



## PRESENTACIÓN EN VILALBA DO XORNAL

### O DIARIO GALEGO

MARTES, 26 DE XUÑO DE 2018 - 20:30 horas

NA CASA DA CULTURA

**Ti contas.**

**SERMOS O DIARIO GALEGO**

**Interveñen**

**Marisa Barreiro**  
Presidenta do IESCHA

**Darío Xohán Cabana**  
Escritor

**Xoán Costa**  
Presidente do Consello de Administración de Sermos Galiza

Martes 26 de xuño ás 20.30 horas  
Casa da Cultura de Vilalba

**Convoca**

 **Iescha**  
Instituto de Estudos Chairegos  
VILALBA

A nosa historia contámola nós. [www.odariogalego.gal](http://www.odariogalego.gal)

O Instituto de Estudos Galegos e Sermos Galiza organizan este martes, día 26 de xuño, ás 20:30 horas, na Casa de Cultura de Vilalba a presentación do proxecto para a saída, en 2019, de **O Diario Galego**.

Intervirán no acto: **Marisa Barreiro**, presidenta do Iescha; **Darío Xohán Cabana**, escritor, e **Xoán Costa**, presidente do Consello de Administración de Sermos Galiza. Posteriormente, terá lugar un diálogo entre as persoas asistentes.

Nestes momentos Galiza non conta con ningún diario na nosa lingua e para o facer posíbel son necesarias un mínimo de 3 mil subscricións. A empresa editora é Sermos Galiza, que hai seis anos lanzou o diario dixital e mais o semanario en papel, o único que hai nos quiosques en lingua galega.

Para conseguilo, os editores solicitan a máxima colaboración das persoas que poidan estar interesadas na existencia de *O Diario Galego*.

Un equipo de catro persoas traballa no deseño e preparación deste diario que nace para ser “un medio de comunicación nacional, profesional e colaborativo que proporcionará información xeral”. Cunha axenda de país na que teñan presenza e

importancia cuestións que non figuran en primeira plana na realidade mediática actual: traballo, cultura, ecoloxía, feminismos, lingua, historia, dereitos e liberdades civís...

Segundo palabras de Xoán Costa, *O diario galego* quer achegarse a “un público aberto, implicado” que non se ve reflectido na prensa actual. Un cabeceiro en vertical e unha paleta de tres cores xa marcan a diferenza visual do proxecto, que distribuirá as novas en base a catro módulos (país, mundo, cultura e axenda), evitando así as seccións fechadas dos medios tradicionais.

Para máis información: <https://www.odariogalego.gal/>